

981 563 885

A LIÑA DO GALEGO

linhadogalego@amesa.gal

A liña 
do galego
app

Informe 2021

Índice

1	Introdución	1
2	Tipos de mensaxes recibidas e pautas de traballo	2
2.1	Queixas	2
2.2	Consultas	2
2.3	Parabéns	2
3	Resumo anual dos rexistros da Liña do Galego	3
3.1	Total de mensaxes recibidas	3
3.2	Total de queixas por motivo	3
3.3	Total de queixas segundo as entidades implicadas	4
3.4	Desagregación das queixas na administración	5
3.5	Desagregación de queixas ás empresas	7
3.5	Desagregación de queixas ás entidades bancarias	8
4	Algúns éxitos acadados como resultado da xestión das queixas	9
5	Conclusións	11

Este informe contou coa colaboración da Deputación da Coruña

©2022 A Mesa pola Normalización Lingüística

Rúa García Prieto 7, semisoto B
15706 Santiago de Compostela
www.amesa.gal

1 Introducción

A Liña do Galego é un servizo gratuíto ofrecido pola Mesa pola Normalización Lingüística dirixido a toda a poboación que, desde o ano 2007, atende consultas sobre dereitos lingüísticos, tramita queixas cara ás institucións e empresas que os vulneran, así como parabéns para quen dea pasos cara a garantir o dereito a vivir en galego.

Moitas persoas galegofalantes continúan a considerar normal a exclusión do seu idioma e iso é algo que queremos axudar a mudar, porque cando a poboación non é consciente dos seus dereitos existe un déficit democrático que cómpre corrixir.

A idea de que hai dereitos lingüísticos en Galiza, tanto individuais como colectivos, non está asentada, canto máis nos territorios onde nin sequera teñen recoñecemento legal estes dereitos. Coa Liña do Galego quérese afortalar o obxectivo de dar cobertura e amparo ás persoas ás que se lles impide desenvolver a súa vida na lingua propia do país.

Cando unha persoa chama, escribe ou envía unha queixa a través da App, ábrese un expediente na base de datos ao que se lle asigna unha numeración para lle poder facer o seguimento. A Liña do Galego garante a completa confidencialidade das persoas que a utilicen, mais en ningún caso tramita queixas anónimas.

As queixas que tramitamos ante as institucións, entidades ou empresas pertinentes son a base de gran parte das denuncias públicas que facemos desde a Mesa. Así mesmo, as queixas recibidas serviron para a elaboración de informes e relatorios presentados ante diversos organismos, entre os que destacan o Consello de Dereitos Humanos da Organización das Nacións Unidas ou os respectivos comités de expertos do Consello de Europa para a Carta europea das linguas rexionais ou minorizadas ou o Convenio Marco das Minorías Nacionais.

As queixas presentadas neste informe son unha mínima parte das discriminacións e vulneracións dos dereitos lingüísticos que acontecen todos os días e que en moitos dos ámbitos sinalados son sistemáticas.

Esta normalidade da exclusión do galego é mostra da consideración de inferioridade do galego e das persoas que o utilizan. Convértese a nosa lingua nun accesorio prescindíbel e obrígasenos literalmente a prescindir dela para acceder a servizos básicos.

Este informe pretende contribuír á eliminación deste prexuízo tan estendido e amparado pola propia administración (Xunta de Galiza, administración xeral do Estado e administración local). É alarmante que quen ten a obriga de garantir o respecto dos dereitos lingüísticos da cidadanía encabece a lista de queixas, sendo non só cómplice destas actitudes senón promotora directa.

O galego é a lingua das galegas e galegos, temos dereitos e queremos vivir nela.

A continuación presentamos a memoria do 2021.

2 Tipos de mensaxes recibidas e pautas de traballo

2.1 Queixas

- Unha persoa traballadora nunha administración pública negouse a me atender en galego.*
- Os sinais da estrada exclúen a lingua propia de Galiza.*
- Estiven máis de dúas horas ao teléfono para conseguir que a miña compañía telefónica me atendese na miña lingua.*
- A miña crianza non recibe as aulas en galego.*
- Unha entidade emprega toponimia deturpada na súa documentación.*

Na Liña do Galego tramítanse as queixas da cidadanía ante as entidades implicadas, con total garantía de privacidade dos datos da persoa que denuncia. Non se admiten queixas anónimas, polo que sempre pedimos que se nos faciliten os seguintes datos persoais: nome e apelidos, teléfono móbil e/ou correo electrónico e enderezo postal. Ademais, a persoa que nos traslada a queixa debe indicar a entidade que conculcou os seus dereitos lingüísticos e a localidade ou enderezo web onde ocorreron os feitos, acompañando unha explicación o máis detallada posíbel do acontecido.

2.2 Consultas

- Teño dereito a que unha persoa funcionaria da administración do Estado me atenda en galego?*
- Como podo galeguizar o meu apelido?*
- Podo falar galego no meu traballo?*
- A que administración me teño que dirixir para pór unha queixa pola vulneración dos meus dereitos lingüísticos?*
- Existen modelos de contratos de alugueiro en galego?*

Estas son algunhas das dúbidas sobre os dereitos lingüísticos que resolvemos desde A Liña do Galego. É un servizo gratuíto aberto a toda a cidadanía, só cómpre enviar a consulta a través dalgún dos seguintes medios: enviando un correo electrónico á linhadogalego@amesa.gal, chamando por teléfono á Mesa (981 563 885) ou rexistrando a consulta na App para IOS e Android, que é de descarga gratuíta.

2.3 Parabéns

- Coñeces algún establecemento onde a atención se dea en galego?*
- Algunha entidade que aposta por esta lingua na súa publicidade ou na etiquetaxe dos seus produtos?*
- Unha empresa que teña a súa páxina web en galego?*

Ademais de animarmos a que cada usuario ou usuaria lle envíe persoalmente os seus parabéns ás empresas, entidades e institucións que avanza e colaboran no impulso á normalización da nosa lingua, a cidadanía pode facer uso da Liña do Galego para que desde a nosa asociación lles fagamos chegar as felicitacións da Mesa polo uso do galego en representación das nosas socias e socios. Para isto só hai que contactar coa Liña do Galego a través dos medios sinalados no apartado anterior (correo electrónico, teléfono ou App), indicando os seguintes datos: nome e apelidos, correo electrónico, teléfono e enderezo postal. Así mesmo, cómpre indicar o nome da entidade e o seu enderezo postal (rúa, número, andar, código postal e localidade) e os casos nos que esta empresa o galego (atención, publicidade, etiquetaxe, páxina web, etc.).


3 Resumo anual dos rexistros da Liña do Galego

3.1 Total de mensaxes recibidas

Durante o ano 2021 A Mesa pola Normalización Lingüística tramitou un total de 601 expedientes, recibidos a través das chamadas, correos e rexistros da App da Liña do Galego. Dos 601 expedientes recibidos 488 son *queixas*, 55 *consultas* e 58 *parabéns*.

Os datos que presenta o informe calcúlanse co total de queixas, parabéns e consultas que, en relación cos dereitos lingüísticos da cidadanía galega, foron finalmente tramitadas, xa que algunhas das consultas que nos chegan non dan lugar a un expediente de queixa. Por tanto, a cifra de referencia no informe que presentamos será a do total de 601 expedientes tramitados, a partir da cal se calcularon as porcentaxes do total. Cómpre sinalar o incremento dos expedientes tramitados pola Liña do Galego no ano 2021 con respecto ao ano anterior, cando o total de expedientes tramitados foron 350.

Gráfica 1. Mensaxes recibidas



3.2 Total de queixas por motivo


A gran maioría das queixas recibidas na Liña do Galego durante o ano 2021 estiveron motivadas pola ausencia de uso, discriminación e deturpación do galego en todos os ámbitos da vida pública e privada, incrementándose as queixas referidas á exclusión da lingua galega na atención oral e escrita.

Como aconteceu no ano 2020, a maioría das queixas enviadas polas persoas usuarias da Liña do Galego durante o ano 2021 refírense á ausencia de atención oral ou escrita en galego (27,46%), rexistrándose un incremento do 3,39% con respecto ao ano anterior (24,07%). A maioría destas queixas producíronse no ámbito sanitario en relación coa COVID-19, sendo numerosos os expedientes que denuncian a falta de atención oral e escrita por parte do Servizo Galego de Saúde (nos centros de vacinación, nas comunicacións telefónicas e nas mensaxes enviadas á poboación para a realización de cribados e a vacinación), así como a exclusión da lingua galega nos sinais e rótulos dos centros de vacinación e dos centros de saúde.

A deturpación da toponimia galega é a segunda categoría máis numerosa no 2021 (21,52%), cun incremento do 3,93% con respecto ao 2020 (17,59%).

Outra das categorías máis numerosas é a exclusión da lingua galega das páxinas webs e servizos online (18,03%), seguida das queixas referidas á discriminación e exclusión lingüística (17,83%), así como á rotulación e sinalización (15,16%).

Gráfica 2. Queixas por motivo




3.3 Total de queixas segundo as entidades implicadas

Como viña sucedendo en anos anteriores, na análise das queixas segundo as entidades implicadas o máis significativo é que a maioría das queixas recibidas na Liña do Galego fan referencia á vulneración dos dereitos lingüísticos por parte das administracións e institucións públicas. Así, no ano 2021, do total das queixas recibidas, o 65,57% foron dirixidas á administración pública (estatal, autonómica e local) e no ano 2020 o 62,04%. Aínda que son datos similares, cómpre resaltar que é unha das porcentaxes que se ve incrementada ano tras ano, o que indica que, en xeral, é no ámbito administrativo onde a cidadanía é máis consciente da existencia dunha normativa que ampara os seus dereitos lingüísticos, polo que tolera menos a súa vulneración.

A continuación atópanse as queixas dirixidas ás empresas de servizos co 26,64%, seguidas das dirixidas ás entidades bancarias (5,33%) e, por último, ás institucións privadas (2,46%).

Gráfica 3. Queixas segundo as entidades implicadas




3.4 Desagregación das queixas á Administración

A metade das queixas dirixidas á Administración recibidas na Liña do Galego durante o ano 2021 recaen na Administración Autonómica Galega (51,25%), crecendo considerabelmente respecto do ano 2020 (37,04%). Este dato é unha evidencia máis dos pasos atrás que o goberno da Xunta está a dar nos últimos anos en relación co impulso da lingua galega na administración e no respecto aos dereitos lingüísticos da cidadanía. Quen máis debería facer cumprir a lexislación que protexe e ampara o galego é precisamente quen máis a incumpre e vulnera.

En segundo lugar, a Administración Xeral do Estado acadou no 2021 o 27,81% das queixas, similar ao 29,63% do ano 2020. Isto mostra que as persoas usuarias da Liña do Galego son cada vez máis conscientes de que os seus dereitos lingüísticos van máis alá das fronteiras galegas e que, por tanto, o goberno estatal tamén debe cumprir coas súas obrigas lingüísticas.

Por último, as queixas dirixidas á Administración Local acadaron o 20,94% do total entre as queixas interpostas a distintos concellos de Galiza e deputacións provinciais, baixando nun 12,39% respecto do 2020. A maioría das queixas dirixidas á Administración Local sinalan a deturpación de toponimia galega por parte dos concellos, así como a exclusión da lingua galega nos sinais de obras e nalgúns contidos das súas páxinas web.


Gráfica 4. Desagregación das queixas segundo o tipo de administración



3.4.1. Desagregación das queixas na Administración Autonómica Galega

O máis significativo na análise das queixas dirixidas á Administración Autonómica Galega durante o ano 2021 é que máis da metade diríxense á Consellería de Sanidade co 54% do total. Este aumento das queixas dirixidas á Consellería de Sanidade é consecuencia da situación de pandemia derivada da COVID-19 e a maioría delas denuncian o envío de mensaxes exclusivamente en español por parte do SERGAS, a falta de atención telefónica en galego nas distintas liñas relacionadas coa Covid e a colocación de carteis en español por parte do persoal sanitario nos centros de vacinación e nos centros de saúde.


Gráfica 5. Desagregación das queixas na administración autonómica galega



3.4.2. Desagregación das queixas na Administración Xeral do Estado

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana recibiu durante o ano 2021 o 28% das queixas dirixidas á Administración Estatal, a maioría delas por deturpación de toponimia galega nos paneis das estradas, seguidas da falta de atención oral e escrita en galego por parte de Correos e Renfe. Outras das queixas máis numerosas son as dirixidas ao Ministerio de Xustiza (10%), ao Ministerio de Facenda (9%) e á Corporación Radio Televisión Española (9%).


Gráfica 6. Desagregación das queixas na administración Xeral do Estado



3.4.3. Desagregación das queixas na Administración Local

As queixas dirixidas á Administración Local, integrada polos concellos de Galiza e as deputacións provinciais, distribuíronse da seguinte maneira durante o 2021: deputacións provinciais (18%), Concello da Coruña (16%), Concello de Vigo (9%), Concello de Ribeira (7%), Concello de Santiago de Compostela (6%), Concello de Ourense (4%) e outros (39%). Na súa maioría, as queixas dirixidas á Administración Local denuncian o uso de toponimia deturpada por parte dos concellos e a exclusión do galego nalgúns contidos das súas páxinas web, en paneis informativos e en sinais de obras.



Gráfica 7. Desagregación das queixas na Administración Local



3.5 Desagregación de queixas ás empresas


Na análise por sectores das queixas dirixidas ás empresas, englobamos a maior porcentaxe de queixas na opción «outras», onde se aglutinan vulneracións de dereitos lingüísticos por parte de empresas que pertencen a distintos ámbitos e non chegan a representar por si soas unha porcentaxe relevante. A seguir, o máis significativo é que o 12% das queixas diríxense ás tendas de alimentación, o 10% ás empresas subministradoras de electricidade e gas, o 8% a tendas de electrodomésticos e o 7% ao ámbito da telefonía.

Gráfica 8. Desagregación das queixas ás empresas (1)



Na análise individual das queixas ás empresas, alén do 76% que comprende a categoría «outras», a empresa que máis queixas rexistrou no ano 2021 na Liña do Galego foi Naturgy co 6% do total, seguida de Ikea (4%), Gadis (3%), Google (3%), Endesa (3%) e Centro Comercial Vialia (3%). A maioría destas queixas derivan da falta de atención oral e escrita en galego, da sinalización e rotulación dos establecementos exclusivamente en español e da deturpación de toponimia galega nas comunicacións escritas e páxinas web das empresas.



Gráfica 9. Desagregación das queixas á empresa privada (2)



3.6 Desagregación das queixas ás entidades bancarias

A maioría das queixas ás entidades bancarias enviadas polas persoas usuarias da Liña do Galego durante o ano 2021 diríxense a Abanca co 42% do total, seguida de Caixa Bank (24%) e do Grupo Santander (15%), englobando o 19% restante na categoría «outras». Como acontecía nas queixas dirixidas ás empresas de servizos, a maioría delas veñen motivadas pola falta de atención oral e escrita en galego, pola sinalización e rotulación dos establecementos exclusivamente en español e polo uso de toponimia deturpada nas comunicacións escritas e nas páxinas web das entidades bancarias.

Gráfica 10. Desagregación das queixas ás entidades bancarias



4 Algúns éxitos acadados como resultado da xestión das queixas

Milanuncios

Segundo as queixas recibidas na Liña do Galego, Milanuncios facía uso do topónimo deturpado La Coruña na súa páxina web. Tras a tramitación da pertinente queixa, a empresa corrixiu o topónimo deturpado polo oficial.

Concello da Coruña

A exposición «La Marineda de Doña Emilia», organizada polo Concello da Coruña, contaba cun cartel integramente en español, no que se indicaba ademais que as visitas serían en español como regra xeral, quedando condicionadas a reserva as visitas en galego ou en inglés. Desde a Liña do Galego trasladamos esta queixa ao Concello da Coruña, quen garantiu a modificación do cartel, así como a dispoñibilidade en galego das visitas guiadas sen necesidade de reserva.

Lidl

Lidl fixo uso do topónimo deturpado Villagarcía de Arosa en varios paneis situados na entrada da vila. Despois de varias queixas enviadas desde a Liña do Galego, Lidl modificou os paneis substituindo o topónimo deturpado polo oficial Vilagarcía de Arousa.

Concello de Vigo

A máquina do aparcadoiro da Praza do Rei (Vigo) figuraba exclusivamente en español e inglés. Tras a tramitación da pertinente queixa, o Concello de Vigo comprometeuse a incluír a lingua galega na máquina do aparcadoiro.

Consellería de Sanidade

A plataforma É-Saúde da Consellería de Sanidade abríase por defecto en español, a pesar de ter opción en galego. Cando se tramitou a correspondente queixa, a Consellería de Sanidade deu traslado á empresa correspondente para que modificase a prioridade de aplicación para que o idioma seleccionado por defecto sexa o galego.

Abanca

Segundo as queixas recibidas na Liña do Galego, Abanca non dispoñía da versión en galego da documentación requirida para a tramitación da tarxeta de transporte de Galiza nin da tarxeta Xente Nova. Abanca comprometeuse a corrixiar esta situación, poñendo a disposición de quen o solicitase a documentación requirida en galego, como consecuencia do traslado da queixa pola Liña do Galego.

Ministerio de Sanidade

As persoas usuarias da Liña do Galego denunciaron o uso do topónimo deturpado Orense na aplicación Spain Travel Health-SpTH, dependente do Ministerio de Sanidade. Ao comunicárselle a queixa, o citado ministerio modificou o topónimo deturpado polo oficial.

Ministerio de Política Territorial e Función Pública

O anuncio, bases e carteis do V concurso escolar contra a violencia de xénero, organizado pola Subdelegación do Goberno en Pontevedra, figuraban exclusivamente en español, mais o Ministerio de Política Territorial, tras a tramitación da pertinente queixa, comprometeuse a corrixiar esta situación permitindo o acceso en galego á citada información.

Concello da Pobra do Caramiñal

As publicacións da conta de Instagram de turismo da Pobra do Caramiñal (denominada Turismodapobra) figuraban integramente en español. Despois da presentación da queixa pola Liña do Galego, o Concello da Pobra do Caramiñal realizou as xestións pertinentes para incluír o galego como lingua prioritaria nas redes sociais de turismo.

Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana

Os indicadores da N-550 no tramo da parroquia pontevedresa de Cerponzóns deturpaban os topónimos Levorey e Conchidos. A Liña do Galego tramitou a correspondente queixa ante o Ministerio de Transportes, recibindo como resposta o compromiso de modificar os topónimos deturpados polos oficiais.

Concello de Carnota

Segundo as queixas trasladadas á Liña do Galego, os carteis do parque infantil do Pindo estaban exclusivamente en español. Como consecuencia do traslado da queixa ao Concello de Carnota os carteis foron modificados e garantiuse así a presenza da lingua galega nos mesmos.

Ximnasio BeOne As Lagoas

O ximnasio BeOne As Lagoas facía uso do topónimo deturpado Las Lagunas na súa páxina web. Tras o traslado da queixa, procedeuse a facer os cambios en todos os lugares nos que se estaba usando incorrectamente este topónimo. Concretamente os cambios fixéronse nos formularios, na denominación do ximnasio na páxina web e en Google, nas redes sociais e na firma de correo electrónico. Así mesmo, comprometéronse a mudar o topónimo deturpado polo oficial en todos aqueles lugares e documentación nos que se detectase un uso incorrecto.

CRTVG

A política de privacidade da páxina web da Televisión de Galiza figuraba exclusivamente en español. Ante isto, desde a Liña do Galego tramitouse a correspondente queixa, conseguindo que a política de privacidade da TVG figure agora en galego.

5 Conclusións

- a) Conculcación do dereito a falar en galego. As dificultades da atención:
«castellano, por favor, ya que ese dialecto no lo entendemos»

Ano a ano, desde que se publica este informe, poderíamos recoller centos de malas respostas de desaprobación e recriminación a persoas usuarias de servizos polo uso do galego no seu propio país: «esto es España y se habla castellano», «o me habla castellano o no le atiendo», «usted tiene el deber de hablar castellano». Estas respostas reflicten o nivel de desprezo cara as persoas galegofalantes, consecuencia da consideración de superioridade do castelán que sostén coaccións directas e indirectas para reforzar a renuncia ao uso do propio idioma.

A negativa sistemática a ofrecer atención en galego vulnera gravemente o dereito ao uso da lingua propia. Obrígase ás persoas usuarias a renunciar a utilizala cando se dirixen á administración ou ás empresas que prestan servizos. En ocasións, estas coaccións non se expresan directamente, senón engadindo problemas que se solucionarían inmediatamente mudando de lingua: «para ser atendido en gallego llame más tarde», «le paso con alguien que pueda atender su solicitud», ao tempo que colgan o teléfono, en moitas ocasións tras obrigarse á persoa usuaria a prolongadas esperas. O mesmo sucede ante a inexistencia de formularios ou impresos tipo en galego. En definitiva, as persoas galegofalantes vense sometidas a maiores esforzos por falaren na súa lingua, o que non sucede no caso do español.

Ante o absentismo da Xunta de Galiza da súa obriga de velar polo dereito ao uso da lingua galega, a resposta social é a única ferramenta da que se dispón.

- b) A administración pública segue a encabezar os ataques e as vulneracións lingüísticas

A administración autonómica, con funcións e competencias para garantir os dereitos lingüísticos da cidadanía galega, non só abdica das súas responsabilidades, senón que é a primeira en incumprir as súas propias normas en relación coa lingua galega. A situación sería diferente se a Xunta de Galiza asumise un compromiso claro na defensa do galego, non só en relación coa súa propia acción, senón tamén respecto das empresas, entidades ou administracións coas que traballa. Así o mostra a cantidade de servizos que teñen e ofertan atención e información en español, catalán e euskera, desprezando a existencia da lingua galega.

O presente informe da Liña do Galego de 2021 mostra o incumprimento das citadas responsabilidades por parte da Xunta de Galiza, pois é a administración autonómica galega a que maior número de queixas rexistra, tal e como viña sucedendo nos anos anteriores. Os datos reflicten, así mesmo, a maior conciencia social das obrigas que esta administración ten respecto da lingua galega e as queixas máis abundantes denuncian vulneracións dos dereitos lingüísticos nas comunicacións, informacións, sinalética e atención ao público. Aliás, son numerosas as queixas relativas aos servizos públicos ofertados por empresas privadas concesionarias da administración que exclúen o uso do galego, tales como servizos bancarios, obras, de comedor, etc.

Neste informe do ano 2021 destaca a vulneración dos dereitos lingüísticos por parte do Servizo Galego de Saúde, especialmente incrementada pola pandemia desde o ano 2020 e co maior número de queixas no ano 2021. As queixas trasladadas á Liña do Galego denunciaron o envío de comunicacións escritas por parte do SERGAS exclusivamente en español, a pesar de ter habilitadas as comunicacións en galego, tanto para a realización de probas PCR como para a vacinación fronte á COVID-19. Así mesmo, as queixas manifestaron a exclusión do galego nas liñas de atención

telefónica habilitadas para a covid, así como nas sinalizacións dos centros de vacinación e dos centros de saúde.

Tamén son especialmente graves as vulneracións por parte da Administración Xeral do Estado, que chega a non recoñecer a existencia de máis linguas que o español. A maioría das queixas dirixidas a esta administración denuncian a deturpación da toponimia oficial galega e a exclusión do galego das páxinas web e formularios da administración. As persoas usuarias da Liña do Galego son cada vez máis conscientes de que os seus dereitos lingüísticos van máis alá das fronteiras galegas e que, por tanto, o goberno estatal tamén debe cumprir coas súas obrigas lingüísticas.

c) Incumprimento de acordos nacionais, estatais e internacionais: 500 normas amparan o castelán e as poucas a favor do galego non se aplican

A lingua galega conta con certo amparo legal tanto na lexislación e nos acordos internacionais (a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias ou a Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos) como nos nacionais: o Estatuto de Autonomía, a Lei de Normalización Lingüística ou o Plan Xeral de Normalización da Lingua galega, ratificados por todos os partidos con representación parlamentaria en Galiza; así como o compromiso feito público por todos os partidos con importante representación municipal no país na Declaración de Unidade a prol da Normalización Lingua galega, promovida pola Mesa e asinada o 15 de xullo de 2015, ou máis recentemente co manifesto pola pluralidade lingüística impulsado pola Mesa xunto con outras entidades de defensa das linguas do Estado español.

Porén, día a día constatamos o incumprimento do contido da lexislación e dos acordos democráticos que protexen a nosa lingua. As escasas disposicións que amparan o galego non se cumpren e vulnéranse con total impunidade, o que contrasta co cumprimento rigoroso das 500 disposicións que obrigan ao uso do español, nalgún caso mesmo contra outras linguas oficiais. Evidentemente, a igualdade das linguas tan proclamada non é real se a posibilidade de uso destas linguas non ten iguais dereitos e iguais deberes.

A vulneración de dereitos lingüísticos é a vulneración dun dereito fundamental, aínda en maior grao se lle engadimos a coacción, e, polo tanto, degrada o desenvolvemento dunha sociedade democrática con consecuencias tamén na vida económica.

d) Romper a normalidade e impunidade da exclusión do galego: denunciar, reclamar, actuar

É necesario dar a coñecer as discriminacións lingüísticas que sufrimos as persoas que lexitimamente queremos vivir en Galiza e en galego e é necesario facelo dentro e fóra das nosas fronteiras.

Tal e como sinalabamos ao comezo, os casos de vulneracións de dereitos lingüísticos recollidos en anos anteriores foron engadidos ao informe presentado pola Mesa xunto con outras organizacións do Estado que forman parte da Rede Europea para a Igualdade das Linguas ante o Consello de Dereitos Humanos da ONU para a súa toma en consideración na revisión periódica universal no Estado español en xaneiro do 2020. Utilizáronse tamén como exemplos da vulneración dos compromisos adquiridos polo Estado español e a Xunta nos informes da Mesa sobre o cumprimento da Carta europea das linguas rexionais e minorizadas presentadas en Dublín en novembro de 2018 ao director do Secretariado da Carta en decembro de 2018 e en Oviedo ao Comité de expertos do Consello de Europa. O informe final do Comité de expertos da Carta e as resolucións do Comité

de Ministros do Consello de Europa son ben coñecidos e unha mostra da importancia do traballo desenvolvido pola Mesa pola Normalización Lingüística a través da Liña do Galego.

No ámbito do ensino, padecemos unha situación que non garante a capacidade comunicativa en galego ao alumnado e fóra del foméntase o uso do galego só no ámbito privado, sen que sexa posíbel unha utilización normal, como a de calquera outra lingua no seu territorio, máis alá dese ámbito e concretamente nas relacións coa administracións e empresas privadas, en moitos casos imprescindíbeis para satisfacermos necesidades elementais.

Cómpre visibilizar a realidade e denunciar quen nos nega a posibilidade de utilizar a nosa lingua no propio país como primeiro paso para reclamar que o dereito a utilizarmos o galego sexa plenamente respectado, dándonos sempre esa opción. Só procuramos que o galego estea tan dispoñíbel, sexa tan audíbel e tan visíbel en Galiza como é o castelán en Madrid. Nin máis nin menos.

Ante a ausencia de accións específicas das administracións públicas para que o galego estea presente, cómpre unha maior participación da sociedade civil na reposición e normalización da lingua galega. En primeiro lugar, esixindo dos diferentes gobernos o cumprimento dos seus compromisos coa lingua galega, actuando directamente para combater casos como os sinalados ao longo do informe. En segundo lugar, contactando por diferentes vías (redes sociais, correo electrónico ou postal, teléfono, etc.) coas empresas de servizos para que muden a súa actitude respecto da lingua galega, facendo ver que somos moitas as persoas que reclamamos visibilidade e espazos de uso para o galego.

A LIÑA DO GALEGO